

Anexo XIII. Modelo de programación de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	IES TERRA DE TURONIO	GONDOMAR	2020-2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	CM 02001	CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL	MEDIO	

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
	DINÁMICA DE GRUPOS	1º	2	55	55

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

Profesorado responsable

Elaboración	PABLO PÉREZ RODRÍGUEZ
Impartición	PABLO PÉREZ RODRÍGUEZ

1.	Identificación da programación.....	1
2.	Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.....	3
3.	Relación de unidades didácticas.....	8
4.	Unidades didácticas	9
4.1.	Unidade didáctica 1: Dinámica e dinamización de grupos.....	9
4.2.	Unidade didáctica 2: Fundamentos psicolóxicos, pedagóxicos e sociolóxicos básicos aplicados á condución de actividades físico-deportivas	16
4.3.	Unidade didáctica 3: Comunicación	21
4.4.	Unidade didáctica 4: Solución de problemas e toma de decisións	26
4.5.	Unidade didáctica 5: Os grupos no medio natural	29
5.	Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....	34
6.	Procedemento para a recuperación das partes non superadas	35
7.	Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente	36
8.	Medidas de atención á diversidade.....	37
9.	Adaptación da metodoloxía ao contexto COVID.....	38
10.	Aspectos transversais	39

1. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O decreto 68/2000 do 16 de marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Condución de actividades físico-deportivas no medio natural, di: *“o currículo dos ciclos formativos da formación profesional específica establécese de xeito que permita a adaptación da nova titulación ao eido profesional e de traballo na realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo da nosa economía, tendo en conta a marxe suficiente de autonomía pedagóxica que posibilite aos centros adecuar a docencia ás características do alumnado e ao contorno sociocultural do centro.*

Falando da competencia xeral, este decreto establece que: *“ Os requirimentos xerais de cualificación profesional do sistema produtivo para este técnico son: Conducir clientes en condicións de seguridade por sendeiros ou zonas de montaña (onde non se precisen técnicas de escalada e alpinismo) a pé, en bicicleta ou a cabalo, conseguindo a satisfacción dos usuarios e un nivel de calidade nos límites de custo previstos.”*

E dentro das capacidades profesionais que desenvolven esta competencia xeral, podemos destacar aquelas que xustifican a presenza deste módulo de Dinámica de Grupos no currículo deste técnico como: *Dirixir e asesorar individuos ou grupos..., manter relacións fluídas cos membros do equipo de traballo no que se está integrado, comunicarse e actuar de maneira coordinada con outras organizacións...;* presenza por outro lado xeneralizada, habida conta que o módulo de Dinámica de grupos é un módulo transversal a todos os módulos profesionais asociados a unha unidade de competencia.

O Contorno funcional e tecnolóxico deste técnico localízase nos procesos de condución e animación de grupos/clientes e nas funcións de organización e realización de actividades de sendeirismo, excursionismo, itinerarios en bicicleta e rutas ecuestres e entre as súas técnicas e coñecementos tecnolóxicos sitúase o eido da comunicación e dinámica de grupos.

Finalmente, recordar que dous dos obxectivos xerais do ciclo formativo, están chamados a seren desenvolvidos polo tratamento curricular deste módulo, a saber:

- ✧ *Avaliar as características e comportamentos dos grupos humanos e aplicar técnicas de dinámica de grupos.*
- ✧ *Establecer unha eficaz comunicación verbal, escrita e xestual para transmitir e recibir unha correcta información e resolver situacións conflitivas, tanto no ámbito das relacións no contorno de traballo como nas relacións cos clientes.*

Cómpre pois desenvolver na presente programación a concreción sinalada, tomando como referencia as capacidades profesionais e as capacidades de autonomía e responsabilidade que definen o perfil profesional do título, o seu contorno funcional e tecnolóxico e os obxectivos xerais do ciclo formativo.

1. Características do ámbito produtivo:

No sector das actividades deportivas e recreativas no medio natural obsérvase unha tendencia a alza

da actividade empresarial, que ven dada fundamentalmente polo maior poder adquisitivo dalgúns sectores da poboación, polo aumento do tempo de lecer e pola tendencia a ocupar este tempo coa práctica deste tipo de actividades, sobre todo, aquelas que comportan un certo risco ou teñen compoñentes de aventura.

A tendencia ao despoboamento de certas zonas rurais de Galicia, as características xeográficas do noso país xunto coa importancia que para o desenvolvemento do sector turístico teñen os deportes de aventura, fan destas actividades un elemento significativo de promoción da zona, xerador de emprego e moitas veces complementario da actividade laboral principal, que se pode desenvolver dende pequenas e medianas empresas de servizos deportivos.

Sen embargo, as políticas desenvolvidas nos últimos anos en Galicia, de xeografía tan privilexiada, non están a altura da expectativa creada en relación ao desenvolvemento turístico do país globalmente entendido e en especial ao desenvolvemento das actividades físico deportivas no medio natural.

O exquisito coidado do noso medio ambiente, protexéndoo de agresións urbanísticas e desenvolvementos non sostibles, e dotándoo de infraestruturas respectuosas para comple-

mentar a oferta turística gastronómica, cultural e de praia xa existente con esta outra dimensión das actividades físicas no medio natural, é un requisito imprescindible que so as administracións públicas poden impulsar, sentando as bases para que a iniciativa privada desenvolva a súa actividade.

As características xeográficas de Galicia permiten desenvolver un gran número de actividades físico- deportivas no medio natural, actividades que cambiarán en función das modas, da promoción dun produto determinado ou mesmo de variacións tecnolóxicas que impliquen novas actividades ou modalidades diferentes das xa existentes. Xa que logo as actividades profesionais deste técnico tamén variarán orientándose e especializándose cara a un tipo determinado, sen esquecer as necesidades de formación permanente que se deriven das novas modalidades ou variacións técnicas que aparezan de cara a ofrecer uns produtos acordes coas demandas do momento.

Na zona de influencia do noso Instituto, que se nutre fundamentalmente de alumnado da zona sur das provincias de Pontevedra e Ourense, dánse as características descritas, agás a de o despoboamento na zona sur de Pontevedra e en especial no Val Miñor onde se atopa o noso centro educativo.

Esta comarca con forte desenvolvemento urbanístico e residencial nos últimos anos, provocada polas bondades orográficas e climáticas e pola proximidade de Vigo, apenas ten, sen embargo, desenvolvida unha oferta no ámbito deste tipo de actividades.

A infraestrutura turística (mellorable) existente, o excepcional medio natural (proximidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas) e a afluencia garantida de posibles clientes fan do Val Miñor un lugar de excepción para que este tipo de actividades se desenvolvan complementando ás xa existentes.

Xa que logo a concreción nesta programación terá en conta aqueles aspectos comunicativos, de difusión e información, onde o uso e manexo das TIC's será fundamental, que permitan promocionar o desenvolvemento destas actividades no eido das institucións, das empresas e dos clientes particulares.

2. Características do alumnado:

O alumnado que accede a este ciclo no noso centro é bastante variado, tanto en idade e nivel de formación como en relación as expectativas acerca destes estudos e as motivacións que os inducen a facelos. Sen embargo se tivésemos que falar dun estudante tipo, tería as seguintes características:

- ✧ Nivel de formación de graduado en ESO.
- ✧ Procedencia: zona sur da provincia de Pontevedra. (Vigo e a súa área de influencia).
- ✧ Certas dificultades para proseguir estudos pola liña do bacharelato.
- ✧ 18-20 anos de idade.
- ✧ Inclinação polas actividades físico-deportivas en xeral.
- ✧ Elección deste ciclo por ser o único de ciclo medio das actividades físico-deportivas, ter un carácter lúdico e de aventura e posibilitar a permanencia e promoción dentro do ámbito educativo.

3. Implicacións na concreción do currículo:

Atopámonos, en suma, diante dun alumnado que dende o punto de vista da práctica docente mostrará máis dificultades e resistencias a abordar as cuestións teóricas que as prácticas, polo que á hora de programar o traballo darémoslle prioridade a desenvolver as capacidades terminais elementais a través, fundamentalmente, de procedementos, sen obviar claro está a necesaria base teórica que os sustente.

Por outro lado a escasa dotación horaria do módulo de Dinámica de grupos (55 h.) obríganos a elixir con moito tino a que procedementos e actividades lle daremos prioridade, habida conta da magnitude e importancia dos contidos propostos no currículo: comunica-

ción, fundamentos psicológicos, liderado,...

Dentro das capacidades profesionais, e sen obviar as capacidades técnicas e as capacidades para a dirección de tarefas tan propias deste módulo, as de responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo parécennos fundamentais para que o técnico desenvolva o seu traballo en óptimas condicións de seguridade e satisfacción para o cliente.

Por todo isto a concreción do currículo na presente programación terá en conta:

- ✧ Importancia dos procedementos, reflectida nos criterios e actividades de avaliación e cualificación. Mesma porcentaxe de cualificacións nos traballos que na parte teórica.
- ✧ Metodoloxía activa, integradora da teoría na práctica. A dinámica grupal que se establece , configura unha determinada organización social da clase na que o alumnado se relaciona, convive e traballa segundo modelos nos que o gran grupo ou os subgrupos contribúen dunha forma determinada ao traballo colectivo e persoal. Pero ademais de ser unha variable metodolóxica máis, como a maneira de organizar os contidos ou as características e uso dos materiais curriculares, a propia dinámica do grupo-clase será obxecto de estudio, na medida en que a maior parte de actividades e situacións se desenvolverá nese grupo.
- ✧ Fixar actitudes que capaciten ao técnico para a responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo, mediante o desenvolvemento da responsabilidade e da autonomía persoal a través das actividades de ensinanza-aprendizaxe. Este aspecto será tido en conta nos criterios de cualificación.

1. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

unidade didáctica	secuencia	tempo
1. Dinámica e dinamización de grupos.	1º trimestre	20 horas
2. Fundamentos psicolóxicos, pedagóxicos e sociolóxicos básicos aplicados á condución de actividades físico-deportivas.	2º trimestre	10 horas
3. Comunicación.	2º trimestre	10 horas
4. Solución de problemas e toma de decisións.	3º trimestre	10 horas
5. Os grupos no medio natural.	3º trimestre	5 horas

1. Unidades didácticas

1.1 Unidade didáctica 1. Título

1.1.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
1	Dinámica e dinamización de grupos	20 horas

1.1.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
✚ Caracterizar e analizar os papeis, funcións, tarefas e calidades que se requiren do condutor nos encontros de grupo.	
✚ Analiza-la dinámica interna dos grupos, relacionando os diferentes roles coas súas funcións e tarefas e especificando o papel do condutor en cada tipo de grupo.	
✚ Caracterizar e aplicar distintos procedementos e/ou técnicas de animación de grupos.	
✚ Xustificar e valorar a importancia dunha actitude empática e tolerante no animador e descubrir os comportamentos que a caracterizan.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

1.1.a Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
Definir os grupos sociais en base ás súas características.	1	Brainstorming-grupo.	1
Coñecer os tipos máis importantes de grupos sociais, clasificándoos polo menos en base á súa estrutura e a súa socialización.	2 3	Apunte "O grupo". Exercicio de clasificación de grupos.	1
Coñecer os conceptos de líder e estilo de liderado nun grupo.	4 5	Apunte "O líder". Apunte: "O técnico como líder"	1 1
Asociar os distintos tipos de liderado ás diferentes estruturas de grupo que xeran.	6 7	Role-playing. Líder autoritario. Cuestionario sobre os conceptos.	1
Definir o concepto de "Técnicas ou dinámicas de grupo".	8	Apunte "Dinámica de grupos. Técnicas."	1
Coñecer os criterios máis importantes para a selección e utilización dunha determinada técnica ou	9 10	Dinámica de presentación. Phillips 66. As técnicas.	1 1

dinámica nunha situación concreta.			
Elixir, preparar e poñer en práctica dentro do grupo-clase, unha dinámica de grupos.	11	Explicación do traballo.	1
	12	Exposición das técnicas.	10
Identificar e seleccionar as técnicas de recollida de datos máis axeitadas en cada caso.	13	Apunte: "Técnicas de recollida de datos."	1

1.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Coñecer e comprender os contidos conceptuais da unidade. Preténdese comprobar se o alumnado adquire os conceptos teóricos básicos en base ao seu estudo e a o seu recoñecemento en situacións simuladas e reais.	Proba obxectiva (con penalización por erro)	S	30,00%
Seleccionar e preparar técnicas de dinámica de grupos e aplicalas ao grupo-clase. Analizaremos con este criterio se o alumnado e quen de buscar información sobre técnicas de dinámica de grupos, a través fundamentalmente das TIC's, elaboralas, adaptalas e poñelas en práctica co seu grupo-clase. Poñer en práctica algunha das técnicas de recollida de datos. Trátase de comprobar se o alumnado elabora e aplica a técnica de recollida de datos máis axeitada en cada caso.	Observacións do profesor acerca do desenvolvemento da técnica, usando como instrumento a ficha de valoración da exposición da técnica. Análise e cualificación da ficha da técnica que cada subgrupo elabora.	S	50,00%
Manifestar actitudes de cooperación e colaboración no desenvolvemento das distintas actividades. Preténdese comprobar que o alumnado participante no desenvolvemento e realización das técnicas e dinámicas de grupo, ten a capacidade de implicarse e esforzarse en cumprir as tarefas que o seu grupo determine. Cando o alumnado actúe como suxeito da dinámica, valorarase a capacidade de participación e motivación e o respecto cara aos compañeiros que presentan a dinámica.	Observación do profesor e ficha persoal do alumno.	S	20%

1.1.c Contidos

Contidos

Procedementos.

- ✦ Análise e aplicación das diferentes técnicas dinamizadoras de grupos.
- ✦ Identificación e selección das técnicas de recollida de datos mais axeitadas en cada caso.
- ✦ Aplicación das distintas técnicas de elaboración da información utilizando diferentes soportes.

Conceptos.

O grupo:

- ✦ Características.
- ✦ Clasificación.

O líder: tipos de liderado:

- ✦ Autoritario ou autocrático.
- ✦ Paternalista.
- ✦ Permisivo ou liberal.
- ✦ Participativo ou democrático.

Os roles.

As técnicas de dinámica de grupos:

- ✦ O Phillips 66.
- ✦ O Brainstorming.
- ✦ Cadrados cooperativos.
- ✦ O Role-playing.

As técnicas de recollida de datos:

- ✦ A observación.
- ✦ A entrevista.
- ✦ A enquisa.
- ✦ A sociometría: o test sociométrico.

Actitudes.

- ✦ Valoración do papel dinamizador que ten o condutor das actividades físico-deportivas na sociedade actual.
- ✦ Colaboración e coordinación coas persoas que participen no desenvolvemento dos diferentes plans de actuación conxuntos.

1.1.a Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Realización dunha ou varias dinámicas de presentación: “Quen é quen” “Presentación con balón.” “Tarxetas con 3 datos enigmáticos” “Círculos proactivos”	Preparación e dinamización.	Realización da dinámica.		Balón Tarxetas		1,5
Presentación do módulo.				Documento.		0,5
Realización dun Brainstorming tomando como palabra clave “GRUPO” e coa intención de chegar ao concepto de grupo social e as súas posibles clasificacións ao tempo que coñecemos a técnica do “Remuíño de ideas”(Brainstorming).	Preparación e dinamización.	Realización da dinámica.				1
Explicación e comentario coa axuda do canon proxector e a pantalla dixital do apunte “O grupo”, en base as ideas xurdidas na actividade anterior.	Propoñemos a TTC 1-2-4	Realiza a TTC 1-2-4 Exposicións orais individuais (falar en público).		Documento. Aula virtual.		0,5
Exercicio de clasificación de grupos. En base a distintos grupos sociais xurdidos do remuíño de ideas, trátase agora de clasificalos pola súa estrutura e pola súa socialización.						0,5
Dinámica: “O mundo de cores”	Prepara, explica e dinamiza.	Realiza.	Conclusións.“Reflexións sobre o distinto”	Autocolantes.	Observación comentario.	0,5

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Explicación e comentario dos apuntes “O líder: tipos de liderado. Os roles”. “O técnico como líder”. Exemplos de erros e funcións do líder.	TTC: parada 3 minutos. TTC: Lectura compartida.	Pregunta cada 3 min. Por grupos: 1 le, 2 resume e 3-4 din si está ben.	Exemplos de erros e funcións do líder.	Documentos. Aula virtual.		1,5
Facemos un Role-playing. Queremos caricaturizar a un líder autoritario, ou un técnico desastroso: fala de costas, maltrata o material,... dentro dun pequeno grupo. O obxectivo é dobre: por unha parte coñecer a dinámica de grupo do Role-playing e pola outra achegarse, a través desta dinámica aos conceptos explicados anteriormente dun xeito lúdico.	Preparación e dinamización. Para introducir ou complementar a actividade anterior.	Realización da dinámica. Un grupo representa, e o outro observa en base a unhas pautas dadas polo profesor: que sucede, como reacciona cada personaxe,...	Role-playing.		Comentario de grupo acerca do desenvolvemento da dinámica.	1
Introducimos a dinámica “A maleta” Facemos a dinámica da “tea de araña”.	Preparación e dinamización.	Realización das dinámicas.	Presentación e coñecemento do grupo. Visualización das relacións do grupo.	Maleta. La ou corda fina.		1
Realización dun Phillips 66. O tema será: <i>As técnicas ou dinámicas de grupo que coñezo. E definición de técnicas ou dinámicas de grupo.</i> Trátase de coñecer a dinámica do Phillips 66 ao tempo que poñemos en común algunhas técnicas que xa coñece o grupo.	Preparación e dinamización.	Realización da dinámica.				0,5
Explicación e comentario do apunte “Dinámica de grupos. Técnicas.”				Documento. Aula virtual.		0,5
Explicación e comentario do apunte “Técnicas de recollida de datos.”	Breve explicación.	Explicación individual	Escalas de estimación	Documentos. Aula virtual.		

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Cada grupo prepara unha técnica e un deles a expón aos demais grupos. Ilustramos co artigo dixital “O home que atopará ao novo Messi. Os big data.”	Proposta de exercicios de escalas de estimación e listas de control.	dunha técnica. Realiza escalas de estimación e listas de control.	e listas de control.			1,5
Proposta do traballo do primeiro trimestre: Preparación dunha dinámica de grupos, para ser realizada co propio grupo-clase. Ficha técnica da mesma. Traballo en grupo.	5 técnicas elixidas polo profesor, exemplo: - Mundo de cores - Xogo da Nasa - Cadrados cooperativos ... Ou 5 técnicas que elixen libremente os grupos, tendo en conta o obxectivo que pretenden.	Preparación da dinámica. Elaboración da ficha técnica.	Técnica ou dinámica de grupos. Ficha técnica da mesma.	Documento. Ficha da técnica.		0,5
Técnica: O debate: “ O caso Fele “	Preparación e dinamización.	Realización da dinámica. Tomando decisións coa técnica do <i>grupo nominal</i> .		Texto.		1
Exposición das técnicas ou dinámicas de grupo preparadas polo alumnado. Esta exposición consistirá na realización da técnica sobre o grupo-clase dirixida polo subgrupo correspondente, a avaliación da técnica por parte do grupo-clase e a entrega da ficha da técnica ao profesor.	Observa e avalía.	Realizar a ficha da técnica ou dinámica. Realizar a dinámica sobre o propio grupo. Elaborar e por en práctica sobre o propio grupo-clase a técnica de recollida de datos ou de elaboración da información.			Rúbrica que elaboraremos conxuntamente co alumnado.	8

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Actividade de avaliación: Actividades de observación por parte do profesor para avaliar a participación do alumnado: nivel de implicación das actividades, espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa, asistencia a clase.					Ficha persoal do alumno.	
Actividade de avaliación: Actividades de avaliación das técnicas presentadas polo alumnado como traballo do primeiro trimestre: ⌘ Observacións do profesor acerca do desenvolvemento da técnica. ⌘ Análise e cualificación da ficha da técnica que cada subgrupo elabora.					Rúbrica.	
Actividade de avaliación: Avaliación de conceptos.					Proba obxectiva con penalización por erro.	1
Actividade de avaliación: Avaliación do traballo do grupo e do profesor. Proxección previa da película <i>La O/a</i> para animar a actividade.					Fórum.	1
TOTAL						22

1.1 Unidade didáctica 2. Título

1.1.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
2	Fundamentos psicolóxicos, pedagóxicos e sociolóxicos básicos aplicados á condución de actividades físico-deportivas.	10 h

1.1.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
Analiza-los factores psico-sociolóxicos que poden influír na condución de Actividades Físico-Deportivas.	
Explica-la influencia de determinados factores da sociedade actual e a súa relación coas actividades de ocio, turismo e físico-deportivas e a dinámica de grupos.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

1.1.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
Coñecer os factores fundamentais que inflúen no desenvolvemento evolutivo das persoas.	1	Apunte : “Desenvolvemento evolutivo”.	1
Identificar as características máis importantes de cada etapa da vida das persoas.	2	Exercicio: asociación de distintas características e manifestacións das persoas coas diversas etapas evolutivas.	1
Iniciarse na sociometría, mediante a aproximación ao test sociométrico como técnica de recollida de datos da psicoloxía dos grupos.	3	Apunte “Sociometría. Test sociométrico”.	1
Realizar sociomatrices e sociogramas.	4	Exercicio: test sociométrico: sociomatrices e sociogramas.	2
Achegarse aos conceptos de motivación, actitudes, sensación e emoción en relación ás actividades físico-deportivas no medio natural.	5	Apunte: “Motivación. Actitude. Sensación. Emocións	2
Relacionar os conceptos anteriores cos de calidade de vida, lecer e tempo libre e educación non formal, como expresión das necesidades de desenvolvemento persoal e social no mundo actual.	6	Apunte “Lecer e tempo libre. Educación non formal”.	2

1.1.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Coñecer e comprender os contidos conceptuais da unidade. Preténdese comprobar se o alumnado adquire os conceptos teóricos básicos en base ao seu estudo e a o seu recoñecemento en situacións simuladas e reais.	proba obxectiva (con penalización por erro)	S	30%.
Preparar e aplicar un test sociométrico en situación simulada ou real e elaborar as correspondentes sociomatrices e sociogramas. Analizamos con este criterio se o alumnado coñece o test sociométrico e as representacións gráficas máis sinxelas que nos permiten tratar e interpretar a información.	ficha de valoración do test sociométrico	S	50%.
Manifestar actitudes de cooperación e colaboración no desenvolvemento das distintas actividades. Preténdese comprobar que o alumnado adopta actitudes de colaboración e cooperación no desenvolvemento das actividades, elevando o nivel de cohesión do grupo.	ficha persoal do alumno.	S	20%.

1.1.e Contidos

Contidos
<u>Procedementos.</u> ✎ Análise e aplicación de distintas técnicas sociométricas. <u>Conceptos.</u> ✎ Desenvolvemento evolutivo. ✎ Psicoloxía do grupo. ✎ Motivación, actitudes, sensación e emoción. ✎ Calidade de vida e desenvolvemento persoal. Necesidades persoais e sociais. ✎ Socioloxía do lecer, tempo libre, turismo e deporte. ✎ Educación non formal e actividades físico-deportivas.

Contidos

Actitudes.

- ✧ Valoración do papel dinamizador que ten o condutor das actividades físico-deportivas na sociedade actual.
- ✧ Colaboración e coordinación coas persoas que participen no desenvolvemento dos diferentes plans de actuación conxuntos.

1.1.a Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Explicación e comentario do apunte “Desenvolvemento evolutivo”.				Documento. Aula virtual.		1
Exercicio: asociación de distintas características e manifestacións das persoas coas diversas etapas evolutivas.	Prepara 20 preguntas.	Realiza o xogo.		Xogo: <i>cesta y puntos</i> .		1
Explicación e comentario do apunte “Sociometría. Test sociométrico”.				Aula virtual.		1
Preparación e aplicación dun test sociométrico en situación simulada.	Prepara tantas preguntas como grupos.	Cada grupo recolle os datos dunha pregunta e elabora a correspondente sociomatrix e sociograma.	Sociomatrixes e sociogramas.			2
Explicación e comentario dos apuntes “Motivación. Actitude. Sensación. Emocións”	Propón unha táboa de dobre entrada con exemplos de motivacións por un lado e os diversos tipos polo outro.	Enche a táboa diferenciando os distintos tipos de motivacións.	Táboa con exemplos de motivacións.	Documento. Aula virtual.		1
Traballamos o concepto de “Intelixencia artificial” en base a vídeos animados.	Prepara e selecciona vídeos.	Comenta.		Vídeos. Aula virtual		1
Explicación e comentario do apunte “Lecer e tempo libre. Educación non formal” e “Calidade de vida e desenvolvemento persoal”.	Propón ao alumnado cubrir un horario semanal.	Cubre o horario e distingue os distintos tipos de tempo no mesmo.		Documento. Aula virtual.		1
Dinámica de grupos “O bazar das emocións”	Prepara dinámica. Prepara tarxetas.	Participa e comenta.		Aula virtual. Tarxetas.		1
Actividade de avaliación	Observa e valora.				Ficha persoal	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<u>ción:</u> Actividades de observación por parte do profesor para avaliar a participación do alumnado: nivel de implicación das actividades, espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa, asistencia a clase.					do alumno.	
<u>Actividade de avaliación:</u> Actividades de avaliación do test sociométrico presentado polo alumnado.	Corrixe e valora.				Ficha de valoración do traballo.	
<u>Actividade de avaliación:</u> Proba de avaliación de conceptos.				Proba obxectiva con penalización por erros.		1
TOTAL						10

4.3 Unidade didáctica 3

4.3.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
3	Comunicación	10

4.3.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
Identificar, utilizar e seleccionar diversas técnicas de comunicación adecuadas ao contexto situacional.	
Xustificar as distintas estratexias empregadas para conseguir unha boa comunicación.	
Describir os elementos e o funcionamento do proceso de comunicación no seo do grupo.	
Seleccionar e empregar recursos audiovisuais e gráficos para transmitir información complementaria á actividade.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.3.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
Coñecer os principais recursos audiovisuais para transmitir información en base ás TIC's.	1	Apunte: "Transmisión da información en base a recursos TIC's".	1
	2	Elaboración dun recurso informativo empregando as TIC's (Traballo do 2º trimestre)	1
Coñecer distintas técnicas de elaboración da información.	3	Apunte: "Técnicas de elaboración da información."	1
Ser quen de seleccionar e aplicar técnicas de dinámica de grupos destinadas a superar as dificultades e barreiras na comunicación.	4	Apunte: "Comunicación na animación de grupos deportivos".	2
Identificar os distintos niveis de comunicación.	5	Explicación e comentario do apunte "Comunicación".	2
Relacionar o coñecemento mutuo e a comunicación en base ao modelo de "A ventá de Johari".	6	Ventá de Johari.	1
Ser quen de identificar as principais dificultades e barreiras na comunicación.	7	Técnica do rumor.	1

4.3.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Coñecer e comprender os contidos conceptuais da unidade. Preténdese comprobar se o alumnado adquire os conceptos teóricos básicos en base ao seu estudio e a o seu recoñecemento en situacións simuladas e reais.	Proba obxectiva (con penalización por erro)	S	30 %
Seleccionar e empregar recursos no ámbito das TIC's para transmitir información. Se trata de analizar se o alumnado é quen de utilizar as ferramentas que nos proporcionan as novas tecnoloxías para transmitir información e se valora o seu uso.	Ficha de valoración do recurso informativo.	S	50 %
Identificar, utilizar e seleccionar diversas técnicas de dinamización de grupos adecuadas ao contexto situacional e tendentes a superar as dificultades e barreiras na comunicación. Comprobarase con este criterio que o alumnado recoñece, valora e utiliza diversas técnicas de dinamización de grupos co obxectivo de mellorar o nivel de comunicación técnico-cliente e o nivel de comunicación intragrupal, elevando así o grao de satisfacción dos participantes.	Ficha de valoración da técnica.	S	
Manifestar actitudes de cooperación e colaboración no desenvolvemento das distintas actividades. Preténdese comprobar que o alumnado adopta actitudes de colaboración e cooperación no desenvolvemento das actividades, elevando o nivel de cohesión do grupo.	Ficha persoal do alumnado.	S	20 %

4.3.e Contidos

Contidos
Procedementos. ⌄ Elaboración de informes utilizando diferentes soportes. ⌄ Selección e aplicación das técnicas destinadas a superar as dificultades e barreiras na comunicación. ⌄ Análise e elección do tipo de comunicación mais adecuado ao contexto.

Contidos

Conceptos.

- ✧ Tipos de comunicación.
- ✧ Etapas dun proceso de comunicación.
- ✧ Canles de comunicación.
- ✧ Dificultades e barreiras na comunicación.

Actitudes.

- ✧ Valoración do papel dinamizador que ten o condutor das actividades físico-deportivas na sociedade actual.
- ✧ Observación das medidas correctoras destinadas a evitar comportamentos antisociais.
- ✧ Colaboración e coordinación coas persoas que participen no desenvolvemento dos diferentes plans de actuación conxuntos.

4.3.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Explicación e comentario do apunte: “Comunicación na animación de grupos deportivos”.	Preguntas sobre o apunte: . 5 consideracións ao falar. . Distinguir emblemas de ilustradores. . Outras expresións orais, vestimenta, actitude corporal.			Documento. Aula virtual.		0,5
Exercicios sobre os conceptos traballados.						0,5
Explicación e comentario do apunte: “Elaboración e Transmisión da información en base a recursos TIC’s”.				Documento. Aula virtual.		0,5
Exercicios sobre os conceptos traballados.						0,5
Traballo de grupo: 2º trimestre. Tarefa: Creación dun blog, páxina web ou programa de radio.	Preparar recursos documentación. Orientar.	Buscar documentación. Tomar decisións. Elaborar.	Blog. Páxina web. Programa de radio.	Internet. Aula virtual	Rúbrica elaborada conxuntamente e co alumnado.	5
Explicación e comentario do apunte “Comunicación”.				Documento. Aula virtual.		0,5
Exercicios sobre os conceptos traballados.						0,5
Realización dunha técnica sobre o coñecemento mutuo do grupo-clase en base ao modelo da ventá de Johari.	Prepara e dinamiza.	Realiza.				0,5
Técnica do rumor. Realizamos sobre o propio grupo-clase esta técnica co obxectivo de poñer de manifesto algunhas dificultades e barreiras comunicativas de xeito lúdico.	Prepara e dinamiza.	Realiza		Noticias. Textos.		0,5

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<u>Actividades de avaliación.</u> Actividades de observación por parte do profesor para avaliar a participación do alumnado: nivel de implicación das actividades, espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa, asistencia a clase.					Ficha persoal do alumno.	
<u>Actividades de avaliación.</u> Actividades de avaliación do recurso informativo ou a técnica presentado polo alumnado como traballo	Observa e valora.		Recursos informativos. Técnicas.		Ficha de valoración do recurso ou a técnica.	
<u>Actividades de avaliación.</u> Avaliación de conceptos.					Proba obxectiva con penalización por erros.	1
TOTAL						10

4.4 Unidade didáctica 4

4.4.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
4	Solución de problemas e toma de decisións	10

4.4.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
Identificar as interferencias que dificultan a comprensión da mensaxe indicando as medidas correctoras fronte a elas.	
Identificar signos e actitudes de emoción intensa e de situacións de crise, propoñendo estratexias de actuación para potencialas ou reconducilas.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.4.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act .	Título das actividades	Duración (sesións)
Seleccionar e aplicar os métodos máis usuais para a toma de decisións no grupo.	1	Apunte: "Fases e factores nas decisións".	1
Seleccionar e aplicar os métodos máis usuais para a análise e resolución das situacións de conflito.	2	Apunte: "Solución de problemas e toma de decisións".	1
	3	Apunte: "O conflito."	1
Coñecer as principais medidas de prevención das situacións de conflito e crise no medio natural.	4	Apunte: "Medidas de prevención de conflitos no medio natural."	1
Crear contido para o recurso informativo TIC elaborado no traballo do 2º trimestre.	5	Traballo de grupo: 3º trimestre. Elaboración de entradas para o(s) blog(s), contido para as páxinas web, etc.	5

4.4.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Coñecer e comprender os contidos conceptuais da unidade. Preténdese comprobar se o alumnado adquire os conceptos teóricos básicos en base ao seu estudo e a o seu recoñecemento en situacións simuladas e reais.	Proba obxectiva (con penalización por erro)	S	30%

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Elaborar contidos para blog e páxina web. Trataríase con este criterio de valorar a realización da tarefa iniciada no anterior trimestre.	Rúbrica.	S	50%
Seleccionar e aplicar técnicas e métodos de resolución de problemas e toma de decisións. Preténdese verificar con este criterio que o alumnado coñece estas técnicas e métodos e é quen de aplicalas preventivamente		S	
Manifestar actitudes de cooperación e colaboración no desenvolvemento das distintas actividades. Preténdese comprobar que o alumnado adopta actitudes de colaboración e cooperación no desenvolvemento das actividades, elevando o nivel de cohesión do grupo.	Ficha persoal do alumno.		20%

4.4.e Contidos

Contidos
<u>Procedementos.</u> ✎ Selección e aplicación dos métodos mais usuais para a toma de decisións no grupo. ✎ Análise e resolución das situacións de conflito. ✎ Medidas destinadas á prevención das situacións de conflito e crise no medio natural. <u>Conceptos.</u> ✎ Factores que inflúen nunha decisión. ✎ Métodos mais usuais para a toma de decisións no grupo. ✎ Fases na toma de decisións. <u>Actitudes.</u> ✎ Valoración do papel dinamizador que ten o condutor das actividades físico-deportivas na sociedade actual. ✎ Observación das medidas correctoras destinadas a evitar comportamentos antisociais. ✎ Colaboración e coordinación coas persoas que participen no desenvolvemento dos diferentes plans de actuación conxuntos.

4.4.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Proposta e realización de traballo práctico para o terceiro trimestre: 1) Elaboración de contido para o recurso informativo creado no trimestre anterior (Blog, páxina web, programa de radio,...) 2) Preparación e práctica da actividade de atletismo da UVI co alumnado de 1º ESO.	Explica e orienta.	Elabora contido. Organiza grupos para a actividade de atletismo.	Contidos. Actividade de atletismo.		Rúbrica. Fórum sobre a actividade de atletismo.	5
Explicación e comentario do apunte: "Solución de problemas e toma de decisións".	TTC			Aula virtual. Documento		1
Explicación e comentario do apunte: "O conflito".	TTC			Aula virtual. Documento		1
Explicación e comentario do texto: "Métodos para previr o acoso" de Bibiana Caamaño.	TTC			Aula virtual. Documento		1
Dinámica: "Xogo da nasa"	Explica e dinamiza.	Realiza.		Aula virtual. Documento		1
Actividades de avaliación: Actividades de observación por parte do profesor para avaliar a participación do alumnado: nivel de implicación das actividades, espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa, asistencia a clase.					Ficha persoal do alumno.	
Actividades de avaliación: Actividades de avaliación da tarefa "pictando o insti."	Observa e valora.	Prepara e presenta.		Rúbrica da tarefa.		
Actividades de avaliación: Avaliación de conceptos.				Proba obxectiva con penalización por erros.		1
TOTAL						10

Unidade didáctica 5

4.5.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
5	Os grupos no medio natural	5 h

4.5.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
Identificar signos e actitudes de emoción intensa e de situacións de crise, propoñendo estratexias de actuación para potencialas ou reconducilas.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.5.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
Identificar os ingredientes de emoción, risco e aventura no medio natural.	1 2	Apunte: "A actividade físico e deportiva no medio natural". Apunte: "A pedagogía do risco".	1
Ser quen de xerar actitudes nos grupos que fomenten a cohesión dos mesmos.	3 4	Exposición dunha sesión de animación de grupos, con valoración da mesma por parte do grupo-clase. Explicación e comentario do apunte: "Cohesión e rivalidade".	2
Ser quen de reconducir as actitudes xeradoras de rivalidade dos grupos.	5	Técnica: "Cadrados cooperativos".	1

1. 4.5.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
Coñecer e comprender os contidos conceptuais da unidade. Preténdese comprobar se o alumnado adquire os conceptos teóricos básicos en base ao seu estudio e a o seu recoñecemento en situacións simuladas e reais.	Proba obxectiva (con penalización por erro)	S	30,00%
Preparar e poñer en práctica sesións de dinamización de grupos. Trataríase con este criterio de comprobar a capacidade do alumnado de elaborar sesións de dinamización de grupos co obxectivo de complementar a actividade principal e elevar o grao de comunicación e cohesión do grupo, evitando así a aparición das situacións de conflito e a elevación do grao de satisfacción. Identificar situacións de emoción intensa e crise no medio natural e aplicar estratexias de actuación para potencialas ou reconducilas. Comprobaremos con este criterio que o alumnado é capaz de actuar e incidir sobre aquelas situacións emocionalmente significativas, cando se producen os primeiros signos, buscando sempre a seguridade, mediante o control de riscos, a e máxima satisfacción por parte do cliente.	Ficha de valoración da sesión de dinamización e documento da sesión elaborado polo alumnado.	S	50%
Manifestar actitudes de cooperación e colaboración no desenvolvemento das distintas actividades. Preténdese comprobar que o alumnado adopta actitudes de colaboración e cooperación no desenvolvemento das actividades, elevando o nivel de cohesión do grupo.	Ficha persoal do alumno.	S	20%

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Minimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación

4.5.e Contidos

Contidos
<u>Procedementos.</u> ⌄ Análise dos ingredientes de emoción, risco e aventura no medio natural. ⌄ Identificación e xeración de actitudes específicas. Control de riscos. <u>Conceptos.</u> ⌄ Comportamentos e relacións tipo. Rivalidade. Cohesión. <u>Actitudes.</u> ⌄ Valoración do papel dinamizador que ten o condutor das actividades físico-deportivas na sociedade actual. ⌄ Observación das medidas correctoras destinadas a evitar comportamentos antisociais.

4.5.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Explicación e comentario do apunte: "Cohesión e rivalidade".	Explica.			Aula virtual Documento		0,5

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Dinámica “El juego de la nasa”.	Explica. Dinamiza.	Realiza.	Conclusiones.	Aula virtual. Ficha.		1
Apunte: “A actividade físico e deportiva no medio natural”.	Explica.			Aula virtual Documento		0,5
Explicación e comentario do apunte: “A pedagogía do risco”.	Explica.			Aula virtual Documento		1
Exercicio acerca dos conceptos traballados.						
Dinámica de grupos: “Cadrados cooperativos”. Trátase de evidenciar con esta actividade o valor que ten o traballo cooperativo (cohesión) na consecución dos obxectivos do grupo.	Explica e dinamiza.	Realiza a dinámica.				1
Actividades de avaliación. Actividades de observación por parte do profesor para avaliar a participación do alumnado: nivel de implicación das actividades, espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa, asistencia a clase.					Ficha persoal do alumno.	
Actividades de avaliación. Avaliación de conceptos.					Proba obxectiva con penalización por erros.	1
Actividades de avaliación. Valoración global do curso. Trátase de facer unha avaliación por parte do alumnado do módulo de dinámica de grupos en relación a: o traballo do profesor, os materiais e recursos empregados, a distribución das sesións e dos tempos, os contidos traballados e os procesos e instrumentos de avaliación do alumnado.					Foro. Cuestionario.	
TOTAL						5

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son os criterios de avaliación definidos nas correspondentes unidades didácticas.

CUALIFICACIÓN DO MÓDULO “DINÁMICA DE GRUPOS”		
Apartado		Peso na cualificación
[△]	PROBAS (exames) - Contidos teóricos - Contidos de aplicación teórico-práctica	30,00%
[△]	TRABALLOS - Recollida de información. - Xogos, dinámicas. - Exposicións orais. - Elaboración de sesións. - Tarefas. - Outros.	50,00%
[△]	PARTICIPACIÓN - Nivel de implicación nas actividades. - Actitude: espírito crítico, colaboración, interese, iniciativa,... (O alumnado terá de participar serán valorados positivamente. Aquelas actitudes improcedentes e que impidan acadar os obxectivos do grupo serán valoradas negativamente.	20% (O alumnado terá de participar da 1 punto sobre 2 neste apartado que se incrementará en base a actitudes positivas ata os 2

- Asistencia a clase.	puntos ou verase reducido ata 0 puntos por actitudes negativas.)
<u>Criterios de cualificación.</u> ⤴ Considerarase a avaliación positiva no módulo cando se consiga unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos. ⤴ Será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada un dos apartados probas e traballos para poder realizar a media proporcional entre os tres. (Que aínda así poderá ser negativa -suspense- por mor dunha puntuación de 0 no apartado de <i>participación</i>). ⤴ Unha puntuación mínima por debaixo de 5 puntos nos apartados probas e traballos, implicará que o módulo estará pendente de avaliación positiva (suspense) e o apartado correspondente será recuperado durante o trimestre seguinte. ⤴ A cualificación obtida no 3º trimestre, será ponderada mediante media aritmética (que se fará en base á nota real e non á expresada no boletín de notas, consecuencia do redondeo matemático) coas cualificacións obtidas nos trimestres anteriores, coincidindo pois a cualificación do terceiro trimestre coa cualificación final. ⤴ Esta ponderación realizarase unicamente con valoracións positivas (5 ou máis puntos sobre 10), tendo en conta si é o caso as correspondentes recuperacións realizadas con éxito. ⤴ Si como resultado do proceso de avaliación continua non se obtivese unha avaliación positiva, o alumnado poderá optar a presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria. Esta proba de avaliación extraordinaria será a mesma que a elaborada para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua e será realizada na mesma data e lugar.	

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación:

- ⤴ Para recuperar unha cualificación insuficiente no apartado de “probas”, será necesario realizar e superar probas de carácter semellante con realización previa de actividades de recuperación (aclaración de conceptos, estudio, exercicios,...).
- ⤴ Para recuperar unha cualificación insuficiente no apartado de “traballos”. Será necesario repetir os traballos solicitados ou outros similares, previa modificación dos aspectos que os levaron a ser valorados negativamente.

- ✧ En ambos casos, a nota obtida verase reducida nun 20%, sen baixar de 5 puntos sobre 10, en caso de estar aprobado.
- ✧ Se as probas e traballos de recuperación se realizan nun terceiro intento na proba de avaliación extraordinaria, a nota verase reducida nun 30%, sen baixar de 5 puntos sobre 10, en caso de estar aprobado.
- ✧ O alumnado, que aínda tendo aprobadas as correspondentes probas e traballos, desexe incrementar a nota, poderá presentarse nas mesmas condicións anteriores.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

- ✧ O alumnado con perda de dereito á avaliación continua e aqueloutro que como resultado do proceso de avaliación continua non obtivese unha avaliación positiva, poderá optar a presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria.
- ✧ A proba de avaliación extraordinaria, elaborárase tendo en conta as capacidades terminais elementais do módulo, para o que se tomarán como referencia os criterios e instrumentos de avaliación das unidades didácticas expresadas na presente programación.
- ✧ Constará de 3 partes: teórica, de aplicación teórico-práctica e práctica. Para obter unha valoración positiva na proba, será necesario obter valoración positiva en cada un dos citados apartados de que consta (igual ou maior de cinco puntos). Cando así sexa, a cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións das partes.
- ✧ A parte teórica da proba irá encamiñada a constatar a asimilación das bases teóricas do módulo por parte do alumnado e versará exhaustivamente sobre os contidos definidos nas diferentes unidades didácticas da programación do módulo.
- ✧ A parte de aplicación teórico-práctica, implicará a realización de varios traballos similares aos propostos durante o curso.
- ✧ A parte práctica consistirá na preparación e realización en situación real ou simulada dunha ou varias dinámicas de grupos e/ou sesións de animación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Enténdese a programación como un documento vivo, en continua transformación a través da avaliación da práctica docente, o que permitirá facer as correccións e modificacións necesarias que os procesos de ensino-aprendizaxe nos demanden, tanto a curto prazo, no desenvolvemento da programación durante un curso, coma a medio prazo a través dos sucesivos anos escolares.

O procedemento fundamental será a utilización das propias unidades didácticas que desenvolven a programación como referente da nosa práctica. O instrumento utilizado será o diario de aula realizado sobre a propia secuencia de actividades da correspondente unidade didáctica, no que podemos reflectir exactamente a actividade diaria en comparación continua co determinado na programación, aportando as valoracións oportunas tanto do alumnado (directas ou indirectas) como do profesor. Esta continua reflexión permitiranos valorar si as desviacións entre o previsto e o realizado, se as hai, son importantes, a que se deben e ata que punto deberán ser integradas na propia programación, proceso que nos levará inevitablemente ao enriquecemento da mesma.

8. Medidas de atención á diversidade

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o artigo 28 da orde do 12 de xullo de 2011, o obxecto da avaliación inicial é *coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.*

Xa que logo, o procedemento para a súa realización constará de tres fases:

- Unha primeira onde se recollerá información acerca das características do alumnado. No

módulo de Dinámica de grupos, ademais das informacións obtidas dos diversos informes e estudos e experiencia laboral previa, serán de especial relevancia as observacións e actividades realizadas nas primeiras semanas do curso. En concreto, serán obxecto de interese a valoración da capacidade de comunicación e dinamización e a actitude positiva cara as actividades en grupo.

- ✧ Unha segunda que consistirá na realización da sesión de avaliación inicial do alumnado onde se tratará e se intercambiará a información entre o equipo de profesorado do grupo.
- ✧ Unha terceira onde se informará ao alumnado da súa posición en relación ao módulo de Dinámica de grupos e en xeral en relación co perfil profesional do ciclo.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo terán a súa base na continua interacción entre o profesorado e o alumnado, orientando e apoiando o proceso educativo. Podemos resumilas en:

- ✧ Realización de actividades tendentes a corrixir ausencias ou deficiencias nas técnicas instrumentais básicas dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ✧ Realización de actividades previas, facilitadoras das previstas inicialmente.
- ✧ Medidas de adaptación para o alumnado con necesidades educativas especiais.

9. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA AO CONTEXTO COVID.

9.1 Pautas metodolóxicas no contexto Covid.

Debido ás actuais circunstancias que condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, propoñemos para o desenvolvemento desta programación que o aula virtual sexa o eixo fundamental, tanto nas clases presenciais coma se estas deixan de selo nun momento dado.

Isto vai supoñer cambios importantes en moitos aspectos organizativos e tamén na **metodoloxía**:

- Dende as primeiras sesións traballaremos na aula virtual con todo o alumnado do ciclo para que se familiarice co seu uso e desenvolva unhas estratexias específicas que poidan empregar no caso que as clases foran suspendidas de xeito presencial.
- Todos os contidos (apuntamentos, recursos, vídeos, ligazóns de interese, etc.) vistos en clase estarán dispoñibles na aula virtual para a súa consulta.
- Realizaranse actividades de ensino aprendizaxe a través da aula virtual.
- As probas de avaliación, reforzo e recuperación poderán facerse a través da aula virtual.
- A isto haberá que engadir tódalas medidas que se recollen no protocolo COVID do centro, no referido ao desenvolvemento da actividade docente.

9 .Aspectos transversais

9.1 Programación da educación en valores

O respecto cara todas as persoas por riba das súas diferencias de sexo, orixe, etnia, discapacidade, orientación sexual ou calquera outra circunstancia constitúe un principio educativo básico, sobre todo se temos en conta que os valores que dominan a sociedade actual, o espectáculo mediático, a corrupción económica, a defensa da paz coa violencia, etc. non sintonizan en moitos casos cos mencionados.

Os valores apréndense na vida, dende pequenos en contextos respectuosos para as persoas e os seus dereitos. É polo que os sistemas educativos deben incluír nos seus desenvolvementos curriculares a educación en valores.

Enténdese actualmente a acción educativa nun senso amplo, incluíndo como unha parte esencial a dimensión ética, considerando que a educación ten entre os seus fins esenciais a formación ético-cívica naqueles valores aos que sería razoable aspirar no noso mundo actual e futuro. Por iso a acción educativa configúrase en torno a conceptos e procedementos e tamén tendo en conta unha serie de actitudes e valores vixentes ou desexables socialmente.

Na presente programación do módulo de “Dinámica de grupos”, a programación en valores está implícita na mesma, sempre dende a perspectiva de como os diferentes grupos humanos aos que as persoas pertencemos xogan un papel fundamental da nosa educación en valores.

9.2 Actividades complementarias e extraescolares

- Colaboración na organización e realización da xornada de atletismo na UVI co alumnado de 1º da ESO.
- Non se prevén, en principio, outras actividades complementarias e extraescolares específicas dende a programación deste módulo. Trataranse aspectos específicos do mesmo en actividades complementarias e extraescolares doutros módulos.

--